(Cid - Barreiros)

Xovencas de 17 a 19 meses

1ª) Cid Aaron Monke
(Cid - Barreiros)
XOVENCA CAMPIONA
GRAN CAMPIONA DE XOVENCAS

Xovencas de 20 a 22 meses

1ª) Pozo Lyster 9376
(Pozo - Lugo)
Xovenca Subcampiona

Xovencas de máis de 22 meses

1ª) Baixo 6755 Gibson Baioka
(Casa de Baixo - Sarria)

Vacas en Lactación ata 30 meses

1ª) Anibal Champion Aleluya IV
(Cid - Barreiros)
VACA NOVA CAMPIONA

Vacas en lactación de 31 a 35 meses

1ª) A Pastora Louro do Campo
(Sandamil - Castro de Rei)
Vaca Nova Subcampiona

Vacas en lactación de 3 a 4 anos

1ª) Tortue LB 4573
(Pozo - Lugo)

Vacas en lactación de 4 a 5 anos

1ª) Rosalia James
(Cid/Cancio - Barreiros)
VACA INTERMEDIA CAMPIONA
GRAN CAMPIONA DE VACAS

2ª) Gaigo Julieta Jolt
(SAT Gaigo - Meira)
Vaca Intermedia Subcampiona

Vacas en lactación de 5 a 6 anos

1ª) Rey 289 Maceira Rudolph
(Rei de Miñotelo - A Pastoriza)
VACA ADULTA CAMPIONA

2ª) 39 Mira
(Pozo - Lugo)
Vaca Adulta Subcampiona

Vacas en lactación de máis de 6 anos

1ª) Cid Leadership Marlenne
(Cid - Barreiros)

Mellor Criador

1º) POZO - Lugo
2º) SAT GAIGO - Meira

Mellor Rabaño

1º) CID - Barreiros
POZO - Lugo
2º) SAT CAVADAS
Xermade

datos facilitados por Africor-Lugo

VIII SUBHASTA DE XOVENCAS DE SANTA COMBA

9 DE ABRIL DE 2006 - Pabellón Polideportivo municipal de Santa Comba
 Organizado por: Africor-Coruña / Concello Santa Comba
 Animais presentados: 35 ; vendidos: 34

ANIMAL	VENDEDOR	COMPRADOR	PREZO
MANEIRO PIMPINELA LHEROS	JUAN MANEIRO CIBES	SAT GANADERIA SOUTO	1.850
CONDESA 9516 CUBEIRO	GRANXA ARAN	BASCUAS	1.700
IV AFRICAL 112	VIGO	SAT VILASAR	1.700
NUVEIRA DOLORES LANDOI	NUVEIRA	GANDEIRIA SAN RIAN S.C.	1.750
A DEVESA FONTANS PERLA	SAT LANGUEIRON	GANADERIA BOULLON	1.700
PRADEIRA INQUIRER 219	PRADEIRA	SAT GANADERIA SOUTO	2.050
NUVEIRA MINA LANDOI	NUVEIRA	HURDEIRO	1.800
CARREIRA AEROLINE 2965	CASA DE CARREIRA	CAAMAÑO DE VILAR	1.650
A DEVESA RUDOLPH BEA	SAT LANGUEIRON	SAT TORRES	1.750
PRADEIRA INQUIRER 217	PRADEIRA	SAT G. O SALGUEIRO	2.200
CATALAN FANGORIA RUDOLPH	LANDEIRA S. COOP. G.	RAPOSO	1.800
LOUSADA HF 04	PARAFITA	OLEGARIO	1.500
MENDA	GARCIA	HURDEIRO	2.000
PASTORA DE VILAR DELIO	PEREZ DE VILAR	SAT VILASAR	1.600
BOGA LEREZ 2019	BOGA PAPUCIN S.C.	CANOSA S.C.	1.550
GR 169 LEE	LANDEIRA S. COOP. G.	GANDEIRIA SAN RIAN S.C.	1.800
LHEROS 3313	LAMAS	SAMEDE S. COOP. GALEGA	1.900
2718 FABEIRO LEREZ	FABEIRO	CASA GRANDE DE RODIS	1.550
CATALAN BELINDA RUDOLPH	LANDEIRA S. COOP. G.	CASA DO CAMPO	1.900
GALLEGA 2312 LEREZ	GRANXA ARAN	EDELIO GOMEZ BOQUETE	1.600
SAN ROMAN AEROLINE RUSA	SAN ROMAN	GANADERIA BOULLON	1.600
ARO 372 FONTANS 7	COOP. DE ARO	SAT PERILLA	1.550
CARREIRA GILBERT 2686	CASA DE CARREIRA	ANTELO OROÑA	2.000
A DEVESA CHAMPION RULA	SAT LANGUEIRON	LEIS	2.100
BAYERN 9461	SAT MARTINEZ PEREIRO	CANOSA S.C.	1.650
ROSENDO 203 MORTY	SAT FONTECOBA	SAT GANADERIA SOUTO	2.200
ROSENDO 200 LOURO	SAT FONTECOBA	CASA DE LOLA	1.900
8265 FONTANS	GANADERIA JESUSA S.C.	SAT GANADERIA SOUTO	2.050
A DEVESA LEREZ MALTA	SAT LANGUEIRON	RANCAÑO	1.850
RAMISQUIDO MORITA 72 LOURO	RAMISQUIDO	ESPASANDIN	1.750
AGRIC.DEL CAMINO SANDINA L.	AGRIC. DEL CAMINO	SAT G. O SALGUEIRO	1.850
RAMISQUIDO CARINA 71 LEE	RAMISQUIDO	SAT FONTECOBA	1.750
A DEVESA LEE CURUXA	SAT LANGUEIRON	HURDEIRO	2.050
4026 LUPITA OUTSIDE	MATA GERPE	PAMBAL	1.950
IMPORTE TOTAL DA SUBHASTA: 61.600 €			
PREZO MEDIO / ANIMAL 1.812 €			



A Devesa Champion Rula



Pradeira Inquirer 217



Carreira Gilbert 2686



8265 Fontás

Libro xenealóxico

Declaración de Nacementos.

¡¡ RECORDE !! A Declaración de Nacementos dun animal deberá ter entrada na Oficina de Rexistro, dentro dos tres meses posteriores ó do seu nacemento.

Como medio de fomenta-la fiabilidade e dilixencia no Rexistro, ós animais que se inscriban fóra de prazo, e sempre que a súa idade non exceda dos 12 meses, aplicaráselles unha sanción de 6 €, igualmente poderáselles esixir probas de filiación (con cargo ó seu propietario).

As probas de filiación (paternidade e maternidade) serán obrigatorias para inscribir no Rexistro Principal ou no Auxiliar B, animais con xenealoxía coñecida e que, a súa idade no momento de Rexistro, supere os 12 meses.

Rexistro de machos.

¡¡ ATENCIÓN !! A partir do día 1 de Xaneiro de 2007 será preceptivo para rexistrar un macho, o que éste conte coas correspondentes probas de filiación (paternidade e maternidade).

O utilizar como pai, un semental rexistrado a partir de dita data e que non cumpra con este requisito, suporá que toda a súa descendencia sea inscrita no Rexistro Auxiliar A.

Probas de filiación

A fin de dar maior fiabilidade ó Libro Xenealóxico e ó igual que en anos anteriores, nos vindeiros meses realizaranse probas de filiación (paternidade) a máis de 3.000 reproductoras dunhas 600 ganderías, por elo é importante recorda-lo seguinte:

- As ganderías e animais a chequear foron eleixidas ó azar.
- **A realización das probas, a TODOS os animais seleccionados é OBRIGATORIA.**
- A toma de mostras e análise serán gratuitos para o gandeiro. Non obstante e no caso de animais que resulten negativos ditos gastos (extracción + análise) lle serán facturados.
- Se algún animal resultara negativo, será reclasificado no Rexistro Auxiliar Categoría A, eliminaranse os seus índices xenéticos e méritos se os tivera, e a súa descendencia será reclasificada no rexistro que corresponda.
- O propietario dun animal que resulte negativo, poderá realizar, ó seu cargo, as contraanálises e comprobacións que considere oportunas. No caso de que existira algún erro, achacable ó Libro, o animal en cuestión recuperaríase o status anterior e os gastos dos análises serán asumidos por Fefriga/Conafe.

Tramitado de documentación

Toda-las solicitudes de altas e baixas de ganderías e animais, modificacións de datos personais e/ou bancarios, etc,... deberán de remitirse nos impresos oficiais dispostos a tal fin, debidamente cumprimentados, datados e asinados.

A partir do día **1 de Setembro**, calquera solicitude que se reciba e non este asinada polo gandeiro, **será devolta** a súa orixe.

Cualificación

Estando próximo o comezo da 2ª Ronda de cualificación deste ano é **IMPORTANTE** recordar que, según o disposto no Regulamento do Libro Xenealóxico nos seus puntos 5.6. A e 5.8, **é OBRIGATORIO** cualificar todo-los animais, cando acaden a idade regulamentaria.

Para facilita-lo cumprimento deste requisito, a Federación emitirá un censo de animais de alta por cada gandería, que incluirá: N°R°X°, CIB, nome, data de nacemento e data da última

cualificación e puntos (se xa está cualificada) ou de non estalo, o espacio para incluíla. No caso de que por algunha causa un animal non poidera ser cualificado, deberá de especificarse os motivos no informe.

Este censo, do que se entregará copia ó cualificador, debería axudar ós gandeiros a ter preparada a documentación e animais a cualificar ou recualificar, axilizando con elo os traballos e tempo que a cualificación supón.

BVD

Diarrea Vírica Bovina



Por **Daniel Martínez Bello**
Veterinario e Director Técnico U.T.E. Bos

Enfermidade causada por un Pestivirus do que se coñecen 2 tipos: o BVDV-1 e o BVDV-2, con unha gran cantidade de cepas ou variantes. Atópanse na vaca pero tamén en búfalos e en pequenos ruminantes domésticos e silvestres.

Respecto a sintomatoloxía da enfermidade existen diferentes formas de presentarse. A BVD aguda pode presentarse sobre todo en animais menores de 2 anos como a Enfermidade das Mucosas (EM), que cursa con diarrea grave, úlceras na boca, e unha taxa de mortalidade elevada. A intensidade dos síntomas depende das condicións dos animais infectados, da súa idade, estado inmunitario, nivel de estrés, e tamén da cantidade de virus que entrou no organismo (a dose infectante). Durante esta fase aguda os animais eliminan virus que poden chegar a contaxiar a outros xatos ou vacas.

Preferentemente afecta ó aparato dixestivo e xenital, pero tamén ó sistema nervioso, respiratorio, etc. O igual que o virus da IBR, ten poder inmunosupresor co que facilita a instauración doutros axentes infecciosos.

A gran diferenza con respecto a outros virus como o do IBR e que pasada esa fase virémica o animal queda como seropositivo pero non contén o virus e non contaxia.

De especial importancia é o caso das vacas xestantes. O tipo de placenta que ten a vaca impide o paso de Anticorpos (Ac.) do sangue da nai ó feto e este non des-


enrola o seu sistema inmunitario ata os 4 meses de idade. Cando unha vaca xestante de menos de 4 meses contacta coa cantidade suficiente do virus da BVD o feto tamén sofre a infección e pode ocorrer que non a resista co cal prodúcese un aborto que constitúe un material altamente infectante para o resto da granxa. No caso de que o feto sobreviva a infección como o seu sistema inmunitario non está preparado non reacciona contra o virus e mais tarde cando aparece reconeceo como propio (como se formase parte do feto) e non o expulsa nin crea Ac. contra del. Neste caso nace un animal Inmuntolerante Persistentemente Infectado (IPI ou PI). Este tipo de animais permanecen durante toda a súa vida infectados e eliminando grandísimas cantidades de virus, supoñendo a fonte de contaxio mais importante que se atopa nos rebaños. A maior parte dos ani-

mais PI son enfermos crónicos, non medran, teñen moitas probabilidades de morrer por diferentes problemas ou ser eliminados do rebaño. Pero en ocasións son animais normais que chegan incluso a parir varias veces. Por suposto sempre paren animais PI porque elas mesmas infectan ás súas crías antes dos 120 días de xestación.

No caso de que a infección ocorra en vacas xestantes a partir de 4 meses, a infección no feto pode causar o aborto ou non e no caso de que sobreviva nacerá un xato como se pasase a infección unha vez nado, é dicir, sano, con anticorpos fronte ó virus, e sen capacidade de contaxiar a outros. Tamén se da o nacemento de animais enfermos ou mortos, ou con diferentes malformacións.

En definitiva a BVD, chamada enfermidade das mil caras pola multitude de formas en que pode presentarse, pode ter efectos

SECUENCIA DA CREACIÓN DUN XATO PERSISTENTEMENTE INFECTADO (PI)





Sistema de toma de mostras para a búsqueda de Antixeno de BVD

devastadores nunha explotación causando perdas por baixas de animais, abortos e problemas de fertilidade derivados da acción xenital do virus, gastos veterinarios, etc.

DIAGNÓSTICO DA BVD:

O diagnóstico desta infección baséase na detección no laboratorio ou ben do virus, ou ben de distintos tipos de Ac. presentes no sangue dalgúns animais infectados.

Búsqueda de Virus: a partir de hisopos nasais de animais enfermos ou de abortos. Pode intentarse o illamento do virus ou buscar o Antixeno (parte complementaria do Ac que se encontra no virus).

ELISA ANTÍXENO: Búsqueda de Antixeno no interior das células, por tanto esta proba faise con sangue enteira, ou con un pedazo da pel da orela do animal.

BUSQUEDA DE ANTICORPOS:

ELISA Ac. TOTAIS: detecta Ac. no sangue dos animais. Identifica animais que posúen defensas contra o virus da BVD porque contactaron con el ou con unha vacina.

ELISA BVD-P80: detecta un tipo de Ac. contra a proteína P80,

que é unha proteína que sintetiza o virus cando se replica, é dicir só está presente cando existiu división do virus no animal, ó que soamente ocorre durante a infección natural (ou ben tras a vacinación con virus vivo, que so se emprega en cebadeiros pero non en reproductoras). Esta proba serve para diferenciar animais que foron vacinados con v. morta (negativos) dos que pasaron a infección (positivos a P80).

As probas de maior interese a nivel de diagnóstico en rabaño dende o punto de vista práctico son o ELISA ANTI-P80 e o ELISA de DETECCIÓN DE ANTÍXENO.

¿En que tipo de animais podemos atopar ANTÍXENO? Nos animais que posúen o virus activo nese momento circulando en sangue (virémicos). Pode ser un animal recentemente contagiado e que se atope na fase de viremia transitoria, ou un animal PI, que permanecen virémicos toda a súa vida. A diferenza entre estes dous establécese realizando unha segunda proba transcurridos 21 días. So continuará sendo Ax. Positivo o animal PI mentres o que foi infectado recentemente xa ofrecerá un resultado Negativo e xa non contaxia.

¿Onde atoparemos un resultado de P80 positivo?

a) En calquera animal que contactou co virus da BVD a partir da idade de 120 días de feto en adiante.

b) Animais que foron vacinados con vacina de virus vivo

Os animais Positivos a P80 non son contaxiosos e permanecen protexidos contra novas infeccións do virus. A única dúbida que pode xurdir e no caso de vacas xestantes que poidan conter no seu interior un feto PI, que para detectalo haberá que esperar ata o nacemento e analízalo na búsqueda de Ax.

c) Animais de menos de 6-8 meses de idade que obtiveron os anticorpos do calostro. Esta posibilidade dáse incluso para os animais PI aínda que normalmente son negativos a P80 a partir dos 2 meses de vida.

DETECCIÓN DOS ANIMAIS P.I.

A maioría destes animais destacan no grupo por estar desmebrados, con moi mal aspecto e enfermos, pero isto non é suficiente para detectalos, toda vez que outros PI teñen aspecto completamente normal.

Por definición os animais PI deben resultar:

ELISA P80: NEGATIVOS

ELISA AX.: POSITIVO

Estos resultados deben manterse en dúas probas realizadas con 3 semanas de intervalo.

Interpretación de resultados:

1)ELISA AC-P80 POSITIVO: animal protexido (ten defensas naturais), que nalgún momento da súa vida sufriu a infección. No caso de que se trate dunha femia xestante que era negativa anteriormente ou sen análise previa hai que esperar ó parto e analizar a cría por si é un PI. Este animal non representa un pro-

blema ata o parto (por exemplo para a asistencia a un concurso de gando, non contaxia porque non elimina virus).

2) ELISA AC-P80 NEGATIVO:

A) Animal sano (vacinado ou non)

B) Podería ser un PI.

Neste caso e obrigatorio facer a proba de Antíxeno:

ELISA ANTÍXENO NEGATIVO:

Animal sano

ELISA ANTÍXENO POSITIVO:

dúas posibilidades

a) Trátase dun PI

b) Ten a infección recente e atópase na fase de viremia

Para diferenciarlos hai que realizar outro mostreo transcurridas 3 semanas. Neste caso Si Ax Negativo trátase dun animal normal que estaba pasando a infección (seguramente por estar en contacto con un PI) e neste momento podemos consideralo sano. Se a proba é outra vez Ax Positivo: trátase dun animal PI que debe ser eliminado.

MEDIDAS DE LOITA CONTRA A INFECCIÓN POR BVD-V

Toda explotación debe contar cun programa de BIOSEGURIDADE deseñado dacordo a súa estrutura e funcionamento, e desenrolado por veterinarios. O marco ideal para a execución dos programas sanitarios e o das ADSG (Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras), xa que permiten establecer zonas de seguridade mais amplas o contar cos controis das explotacións veciñas. A vantaxa de establecer medidas preventivas xerais é que se actúa de forma simultánea fronte á aparición de distintos axentes infecciosos, co que se rentabilizan mellor os investimentos necesarios, que controlando unha determinada enfermidade por separado.

Unha vez instaurado o problema concreto de BVD na explotación compre tomar medidas específicas para a súa erradicación:

1- Búsqueda e eliminación de posibles animais PI: analizar de p-80 todo o efectivo. Os que resulten negativos, analízalos para Antíxeno, e os positivos repetilos os 21 días. Todos os que resulten positivos na segunda sangría deben ser eliminados inmediatamente do establo.

2- Seguimento dos nacementos: durante un período de 9 a 12 meses posteriores a detección do último PI deben analizarse todos os animais según nacen (tanto machos como femias) co fin de detectar os PI e eliminalos o antes posible evitando que contaxien a outros animais ou fetos. A proba a realizar é a búsqueda de antíxeno. De forma ideal debe tomarse unha mostra de sangue precalostral, é dicir, antes de que o becerro mame, porque os Ac. do leite poden enmascarar o virus e obter falsos negativos. Cando a mostra non sexa precalostral, debemos repetir a análise os tres meses de vida. Máis eficaz resulta a detección de Antíxeno na pel da orella do xato. Cunha pinza sacabocados deseñada para a toma de mostras obtéñese unha porción de pel que posibilita a detección do antíxeno en animais PI incluso despois do calostrado, co que gañamos en practicidade e en seguridade e rapidez.

3-Adoptar medidas xerais de defensa sanitaria: persoas e distintos animais poden actuar como portadores do virus e infectar algún animal que despois infectará ó resto do rebaño.

- Vados de desinfección para visitas
- Calzos e batas sanitarias
- Vallado perimetral. Acceso restrinxido de persoas e animais.
- Correcta eliminación de restos de abortos, partos, etc


CONTROL DE ENTRADAS E CORENTENAS: cando se merquen animais hai que esixir que veñan libres do virus: deben ser Ax negativas e Ac negativas ou se son Ac positivas no caso de que estén preñadas temos que asegurar o seu illamento no momento do parto e a cría debe ser analizada nada mais nacer e mantela illada ata coñece-lo resultado da análise. Se resulta ser un PI eliminarase de inmediato.

Se mercamos un animal que non está xestante pode ser positivo a P-80, sen que supoña ningún tipo de problema, o igual que para a asistencia a feiras ou concursos, onde se esixe a todo o gando a proba de BVD Antíxeno, asegurando deste xeito que ningún animal poida portar e eliminar o virus.

4- Instaurar un programa de vacinación: o uso de vacinas está indicado para previr novas infeccións. Nos últimos anos veñen de desenrolarse vacinas monovalentes (só protexen fronte a BVD) que aseguran un alto grado de "protección fetal", é dicir que as vacas vacinadas con estes produtos aínda que contacten co virus durante a xestación non crearán un xato PI na súa matriz. Esta característica contribúe a frear a expansión da infección no rabaño que deste xeito extingúese.

Nos casos en que se dou a circulación vírica durante un tempo, os animais crearon defensas naturais e polo tanto resultan positivos a proba de P-80. Estes animais dunha forma natural están xa vacinados de por vida e non é necesario vacinalos podendo concentrarnos soamente nos negativos a P-80 que moitas veces será soamente a recría, durante un tempo. En ocasións é vantaxoso vacinar todo o rabaño independentemente do seu estado porque se facilita o manexo ó non ter que escoller entre as vacas.

POSIBLES FORMAS DE ENTRADA DA BVD NUN RABAÑO



As principais vías de transmisión da BVD son os animais infectados. Moi en especial os PI. Non se deben esquecer outras posibilidades demostradas como a transmisión indirecta a través de visitas de persoas ou animais que transportan o virus.

RESUMINDO

As principais vías de transmisión da BVD son os animais infectados. Moi en especial os PI. Non se deben esquecer outras posibilidades demostradas como a transmisión indirecta a través de visitas de persoas ou animais que transportan o virus.

A infección por BVD é altamente contagiosa e os seus efectos poden resultar devastadores para a sanidade do rabaño e para a economía da explotación. Debido ás súas características pode pasar bastante tempo dende que introducimos un animal co problema na explotación ata que aparecen os síntomas clínicos e se materializan os problemas. A

parte das medidas hixiénicas xerais é imprescindible asegurarse de non introducir animais infectados no establo. A pesar de que esta enfermidade presenta unha epidemioloxía moi particular pola existencia dos animais Persistentemente Infectados, afortunadamente as probas diagnósticas dispoñibles posibilitan a súa identificación. Un programa de Bioseguridade global axudaranos a previr a entrada da infección no establo, ou permitiranos eliminala unha vez instaurada.

De cara á participación en feiras ou certames gandeiros como os concursos morfolóxicos, nos últimos anos todos os animais participantes son sometidos a

proba de detección de Antíxeno, evitando deste xeito que se poda dar a circulación do virus durante a celebración do evento. Ademais recoméndase os gandeiros utilizar vacina monovalente de BVD, nos animais presentados a concurso ó igual que no resto da explotación. A convivencia cun animal PI é o método máis probable de contaxio, pero non é o único, ovellas, cabras e porcos, poden ser reservorios do virus, e tamén as persoas (roupa, botas) e outros animais poden actuar como portadores mecánicos. Por este motivo é vantaxoso protexer os animais coas vacinas a maiores da aplicación do resto de medidas de seguridade.

2º Curso de Preparadores e Manexadores

Co obxectivo de estimular a participación en concursos e en exposicións e de perfeccionar as técnicas de preparación e de presentación dos animais en pista, a Federación Frisona Galega organizará na Finca de Bos, entre os días 4 e 8 de setembro, a primeira Escola de Novos Manexadores.

Condições de Participación

- As prazas estarán limitadas a dez alumnos con idades comprendidas entre os catorce e os vinte e un anos –ambos os dous incluídos–.
- Os participantes deberán posuír, como mínimo, nocións elementais de doma, pelado e manexo de animais.

Cota de inscrición

- A cota de inscrición é de 600 € e inclúe:
 - Aloxamento en cuarto dobre e pensión completa (almorzos, comidas e ceas).
 - Equipo de traballo (botas, mono, traxe de auga e botas de auga).
 - Máquina de Pelar AESCULAP, un xogo de coitelas de reposto e un xogo de coitelas para ubres.
 - Secador de pelo e cepillo para lombos.
 - Prolongador para máquina de pelar e secador.
 - Documentación técnica e expedición de diploma.

Unha vez realizado o curso, todo o material utilizado seralle entregado en propiedade ó alumno.



Temario do curso

O curso será impartido por técnicos cualificados e estará estruturado en clases teóricas e prácticas que tratarán das seguintes materias:

- Selección de animais para concurso/exposición.
- Prácticas de lavado e doma.
- Prácticas de pelado e arranxo de lombos.
- Alimentación dos animais (antes e durante o certame).
- Aloxamento e exposición (amarres, camas, etc.).
- Técnicas de preparación e presentación en pista.
- Equipo necesario para concurso e o seu mantemento (máquina de pelar, cabezadas, comedeiros, etc.).

Nota de interese

Entre todos os participantes sortearanse dous lotes de dous embrións producidos na UTE de BOS.

BOLETIN DE INSCRIPCION I CURSO DE MANEXADORES

Alumno _____ DNI _____ Data Nacemento _____
 Cod. Gandería _____ Gandería _____
 Enderezo _____ Cód. Post. _____
 Localidade _____ Provincia _____ Tfno. _____

AUTORIZACION NO CASO DE MENORES DE IDADE (pai, nai, titor)

Dn. _____ DNI _____

Autoriza ó alumno antes mencionado para participar no I Curso de Manexadores que se celebrará na finca de Bos, do día 4 ao 8 de Setembro de 2006, e para que conste asino a presente autorización.

(Sinatura alumno)

(Sinatura pai, nai, titor)

En _____, a _____ de _____ de 2006

REMITIR A: FEDERACION FRISONA GALEGA- Rúa Melide, 25-27 Baixo - 15705 Santiago - A Coruña

Tfno: 981 57 37 75 - Fax: 981 57 38 79



XX Escola de Xuices Gandeiros

A Federación Frisona Galega en colaboración con AFRICOR-CORUÑA organizan, en diversas explotacións da provincia de A Coruña, a XX ESCOLA DE XUICES GANDEIROS "FEFRIGA 2006", que se celebrará os vindeiros días 26 ó 28 de Xullo. Se desexas participar, e tendo en conta o limitado número de prazas dispoñibles, convidámosche a facer a tua reserva o máis axiña posible remitíndonos, debidamente cumprimentado, o Boletín de Inscripción.

COSTE POR PARTICIPANTE: Socio: 150 €
Non socio: 200 €
Nenos ata 14 anos: 100 €

(terá que adxuntarse fotocopia do DNI ou do Libro de Familia).

O IMPORTE COMPRENDE:

Almorzos, documentación e material, desprazamento ás explotacións, expedición do Título de Xuíz ou Diploma de Participación, gastos de organización, e xantar de clausura.

MOI IMPORTANTE

Únicamente se considerarán como inscristas na XX ESCOLA DE XUICES GANDEIROS, aquelas persoas que adxunten ó Boletín de Inscripción o xustificante de ter feita a transferencia bancaria, na conta Nº 3070-0035-26-6006193525 que FEFRIGA ten aberta en Caixa Rural Galega de Santiago de Compostela.

O número de prazas (150) condicionan as esixencias anteriores.

Indicar ó banco que faga constar no apartado "concepto da transferencia" o nome da persoa inscrista.

Para calquer dúbida ou aclaración contacte con nós nos teléfonos

981 57 38 79 / 981 57 37 75

Cortar

BOLETIN DE INSCRIPCION ESCOLA DE XUICES GANDEIROS

Don/a _____ Código Gandería _____

Gandería _____

Desexa formalizar a súa inscristión como participante da XIX ESCOLA DE XUÍCES GANDEIROS, que terá lugar entre os días 26 e 28 de Xullo de 2006. A tal fin envía xustificante da transferencia bancaria pola cantidade de _____ €, importe dos conceptos reseñados na convocatoria e que manifesta coñecer. Conta Nº 3070- 0035-26-6006193525 Caixa Rural.

FACTURAR A:

Dn. _____ C.I.F. _____

Enderezo _____ Cód. Post. _____ Localidade _____

Provincia _____ Tfno. _____ (Sinatura)

_____, a _____ de _____ de 2006

REMITIR A: FEDERACION FRISONA GALEGA- Rúa Melide, 25-27 Baixo - 15705 Santiago - A Coruña
Tfno: 981 57 37 75 - Fax: 981 57 38 79



As vacas de BOS comen piensos...

NUDESA



NUTRIMENTOS DEZA, S.A.

Tfno.: 986 58 12 00